



7 de setembro de 2020

Importancia da figura da enfermeira escolar e a posición da AGAEP en relación á súa necesidade

A implantación da figura da enfermeira escolar en España é irregular en cada unha das comunidades autónomas, convivindo diferentes modelos. En 2009 a Asociación Madrileña de Enfermería en Centros Educativos (AMECE) elabora o perfil propio da enfermeira escolar e a define como “o profesional que, dentro do ámbito do centro e en acordo co Proxecto Educativo do Centro (PEC), incúmbelle a responsabilidade de proporcionar de forma individualizada, ou no seu caso, de forma coordinada dentro do equipo escolar, os cuidados propios da súa competencia ó alumnado de modo directo, integral ou individualizado. No ámbito educativo, ademais, prestarase un servizo que permita aumentar a capacidade do individuo e da colectividade escolar, para previr, detectar e solucionar os seus problemas de saúde”.

Así mesmo, AMECE establece o ámbito de actuación da enfermeira escolar nos centros educativos tanto públicos coma privados e en todas as etapas educativas e considera que a enfermeira escolar, ademais de prestar asistencia sanitaria ós alumnos que o precisen e detectar de xeito precoz certos problemas de saúde, pode intervir cos programas de Educación para a Saúde dende a infancia, mellorando a saúde e a calidade de vida dos individuos(1).

Por outro lado, xa nun artigo de opinión na revista ROL de enfermería, a presidenta de AMECE expón que a enfermeira escolar constitúe o mellor nexco coa Atención Primaria (AP) para o desenvolvemento de programas e para a resolución de problemas vinculados á saúde da poboación escolar, poñendo como exemplo o traballo coordinado que se realiza noutros países como Francia, Reino Unido e Estados Unidos. Do mesmo xeito, pon en dúbida que a enfermeira comunitaria teña a capacidade de abordar toda a problemática que se xera nas escolas, “sen estar integrada nela, e só mantendo contactos puntuais; isto sen contar coa carga de traballo que probablemente xa teña no seu centro”(2).

Existe pouca evidencia científica sobre o impacto que a enfermeira escolar ten en España, pero cremos que isto débese á súa escasa e irregular implantación. Sen embargo, recentes estudos amosan luz neste asunto. Un estudo publicado en 2018 sobre a necesidade percibida do profesorado sobre la implantación da figura da enfermeira escolar, reflicte que os problemas de saúde cos que con maior frecuencia atópanse os docentes son as alteracións glicémicas en estudantes con diabetes, seguido de caídas, escordaduras, feridas e crises epilépticas. Ademais, o profesorado manifesta que só algunhas veces ou moi poucas veces saben detectar e resolver unha crise de hipoglicemia ou hiperglicemia. O estudo conclúe que a enfermeira escolar foi valorada como unha figura referente na saúde das contornas educativas e a responsable de fomentar a adquisición de coñecementos sobre hábitos de vida saudables(3).

Na mesma liña, nun artigo publicado en 2017 sobre a opinión dos proxenitores da rapazada que inicia a escolarización en relación á enfermeira escolar, unha alta porcentaxe de proxenitores afirma ter escollido o centro educativo dos seus fillos por contar cunha enfermeira. Ademais, a opinión dos pais con respecto á presenza da enfermeira escolar no centro educativo dos seus fillos é altamente positiva tanto para a atención ós problemas de saúde, a educación para la saúde e a formación do persoal docente(4). Esta idea vese apoiada por outro estudo cualitativo publicado este ano no que familias con nenos con enfermidades crónicas din vivir la matriculación escolar con preocupación, medo e indignación. Tamén refiren que a resposta por parte do sistema educativo e de saúde ós seus problemas soe ser insuficiente e mal coordinada, tendo que resolver calquera incidente que suceda por si mesmos, a miúdo a expensas de renunciar ós seus traballos. O estudio finaliza inferindo que a presenza dunha enfermeira escolar significaría para estes proxenitores a integración entre a educación e o sistema de saúde(5).

Por outra banda, no referente ás cargas de traballo, outro estudo levado a cabo en España reflicte que a consulta da enfermeira escolar é similar en frecuentación á calquera consulta de Enfermería Pediátrica en AP(6), o cal supón unha importante descarga para os centros de AP.

Estes son os argumentos a favor do papel da enfermeira escolar que atopamos en estudos recentes no noso ámbito. Sen embargo, se tomamos como referencia outros países nos que esta figura está consolidada podemos atopar máis razóns para apoiar o seu desenvolvemento profesional coma vínculo entre o sistema público de saúde e os centros educativos. Diversos estudos apuntan que a enfermeira escolar podería ser

a solución fronte la brecha que impide que as políticas de saúde escolar alcancen con éxito ó alumnado e consigan resultados duradeiros(7)(8)(9). En canto ós problemas de saúde crónicos e cunha importante prevalencia na idade escolar podemos observar que, por exemplo, demostrouse que as enfermeiras escolares aportan unha valiosa información sobre las barreiras específicas que existen para o control terapéutico de alumnos con asma y como abordalas(10) ou que existe correlación entre a proporción de estudantes por enfermeira escolar e mellores cifras de glicemia en estudantes diabéticos(11).

Finalmente, diremos apoiándonos no recente editorial publicado en *Journal of Pediatric Nursing*(12) que ante a situación de pandemia que vivimos pola COVID-19 e a inminente volta ó colexio, a enfermeira escolar perfílase coma a peza fundamental nas contornas escolares informando a profesores, familias e estudantes sobre a evidencia científica e as mellores prácticas a seguir, así coma acompañando e escoitando as súas preocupacións.

Dende a Asociación Galega de Enfermería Pediátrica (AGAEP), defendemos a incorporación da Enfermería Pediátrica como o profesional idóneo para a implantación da figura da enfermeira escolar, proposta que sigue a mesma liña que a da propia Asociación Española de Enfermería Pediátrica (AEEP), sociedade científica que tamén solicita que a enfermeira escolar estea especializada en Enfermería Pediátrica(13).

Esta petición está avalada por las competencias que posúe o profesional Especialista en Enfermería Pediátrica (BOE número 157, de 29 de xuño de 2010, páxinas 57251 a 57276), entre as que cómpre destacar(14):

- Establecer unha interacción profesional co recentemente nado, neno, adolescente e familia, demostrando habilidades, coñecementos e actitudes para a relación terapéutica, tendo en conta a diversidade cultural, coa finalidade de identificar áreas de coidados, contribuír á adquisición de habilidades de autocoidado, favorecer o bienestar e acompañar nos procesos que implique unha perda ou un cambio de vida.
- Manter unha comunicación eficaz co equipo, con outros profesionais, institucións, grupos sociais, así coma cos diferentes niveis de atención dos servizos de saúde, utilizando os recursos dispoñibles, que facilite o intercambio de información e contribúa a unha mellora nos coidados prestados nun clima de colaboración multiprofesional.

- Liderar, coordinar e dirixir os procesos de xestión clínica para facer máis eficiente a atención e adaptada ás necesidades dos recentemente nados, nenos, adolescentes e familias.
- Exercer liderado no equipo de saúde e noutros grupos sociais e profesionais, levando a cabo actividades de coordinación de grupos e o traballo en equipo.
- Xestionar, liderar e coordinar a actividade asistencial e os servizos de enfermería, garantindo a mellora continua da calidade dos coidados.
- Realizar educación para a saúde ó niño, adolescente, familia e comunidade, identificando as necesidades de aprendizaxe, deseñando, planificando e levando a cabo intervencións para promover, fomentar e manter estilos de vida saudables, previr riscos e lograr o maior nivel de autocoidado posible ou de coidado a outros, nos diversos ámbitos de actuación en calidade de asesor-experto.
- Valorar de forma integral e contextualizada ó recentemente nado, neno, adolescente e familia detectando calquera anomalía e posibles déficits nas súas necesidades, elaborando xuízos clínicos profesionais, planificando as intervencións e resolvendo de forma autónoma os problemas identificados e/ou derivando a outro profesional.
- Xestionar os coidados de enfermería orientados á satisfacción das necesidades, derivadas dos problemas de saúde do recentemente nado, neno, ou adolescente, e a a prevención de complicacións, garantindo unha práctica segura e de calidade.
- Valorar ó neno e adolescente cun proceso crónico, e/ou con discapacidade, á súa familia e o seu entorno social, identificando o seu grado de dependencia, os coidados que require, os recursos e os apoios sociais dispoñibles, así como, os servizos de saúde necesarios para cubrir as súas necesidades. Resolver os problemas identificados de maneira autónoma e/ou co equipo de saúde e en caso necesario derivando a outro profesional, asegurando unha actuación compartida e coordinada entre atención primaria e o hospital.
- Aplicar diferentes estratexias de educación para a saúde ó neno ou adolescente cun proceso crónico e/ou con discapacidade, de maneira autónoma, tendo en conta a contorna, para promover e/ou manter a autonomía do neno/adolescente e familia.
- Traballar no equipo multidisciplinar tomando decisións, actuando en situacións de urxencia vital do recentemente nado, neno ou adolescente e asumindo a responsabilidade correspondente.

Quixeramos reivindicar ademais a incorporación da enfermeira escolar de maneira presencial nos colexios, como parte integrante dun equipo multidisciplinar e sempre traballando en coordinación con AP, preferiblemente tendo asignado un centro de AP como centro de referencia.


A este respecto, a Asociación Española de Pediatría (AEP), nun documento de recente publicación sobre propostas de organización escolar, cuxa finalidade é minimizar o risco de transmisión do virus nas escolas así como a contención da diseminación da pandemia a partir dos escolares, recoñecen que na AP superouse a capacidade de atención, diagnóstico e seguimento da COVID-19, e considera “indispensable restablecer a figura da enfermeira escolar como moi boa opción para que haxa unha resposta rápida a nivel das escolas, e para establecer un bo vínculo entre as escolas e os centros de AP”(15).

Tendo en conta todo o anteriormente citado, animamos ó Servizo Galego de Saúde a implementar un plan de incorporación da enfermeira escolar, ofrecendo dende a AGAEP a nosa total dispoñibilidade e colaboración no desenvolvemento dun programa de saúde escolar.

Aproveitamos a ocasión para darlle a benvinda ó recentemente nomeado Conselleiro de Sanidade Don Julio García Comesaña, a quen animamos a comezar esta nova lexislatura aplicando medidas que reforcen a atención pediátrica en AP, contando con equipos de profesionais especialistas en Pediatría, no que a enfermeira escolar se presenta tan necesaria nestes tempos de pandemia.

Fdo: Marina Bermúdez Parada

Presidenta AGAEP



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

1. González García N, López Langa N. Antecedentes históricos y perfil de la enfermera escolar. *Metas de enfermería*. 2012;15(7):50-4.
2. Arancón Carnicero C. Enfermera escolar «dextra»* enfermera comunitaria. *Rev ROL enfermería (Barcelona, Spain)*. 2010;33(1):28-9.
3. Díaz Rodríguez H, Arias Hernández MM. Necesidad percibida del profesorado de Educación Infantil, Primaria y Secundaria sobre formación en salud e implantación de la figura de la enfermera escolar. *Metas de Enfermería*. noviembre de 2018;21(9):5-12.
4. Montoro García A, Fernández Gutiérrez P. La enfermera escolar. Opinión de los progenitores de niñas y niños que inician la escolarización. *Metas de Enfermería*. diciembre de 2017;20(10):50-9.
5. Nieto-Eugenio I, Ventura-Puertos PE, Rich-Ruiz M. S.O.S! My Child is at School: A Hermeneutic of the Experience of Living a Chronic Disease in the School Environment. *J Pediatr Nurs*. julio de 2020;53:e171-8.
6. López Gutiérrez I. Registro de intervenciones asistenciales de la enfermera escolar. *Metas de Enfermería*. octubre de 2014;17(8):55-9.
7. Jones SE, Brener ND, Bergren MD. Association Between School District Policies That Address Chronic Health Conditions of Students and Professional Development for School Nurses on Such Policies. *J Sch Nurs*. 11 de junio de 2015;31(3):163-6.
8. Avery G, Johnson T, Cousins M, Hamilton B. The School Wellness Nurse: A Model for Bridging Gaps In School Wellness Programs. *Pediatr Nurs*. 2013;39(1):13-7; quiz 18.
9. Maughan ED, Cowell J, Engelke MK, McCarthy AM, Bergren MD, Murphy MK, et al. The vital role of school nurses in ensuring the health of our nation's youth. *Nurs Outlook*. 1 de enero de 2018;66(1):94-6.
10. Everhart RS, Corona R, Mazzeo SE, Dempster KW, Schechter MS. School Nurses' Perspectives on Components of Asthma Programs to Address Pediatric Disparities. *J Pediatr Psychol*. 1 de septiembre de 2020;45(8):900-9.

11. Wilt L. The Relationships Among School Nurse to Student Ratios, Self-Efficacy, and Glycemic Control in Adolescents With Type 1 Diabetes. J Sch Nurs. 2019;
12. Betz CL. COVID-19 and school return: The need and necessity. Vol. 54, Journal of Pediatric Nursing. W.B. Saunders; 2020. p. A7-9.
13. Diario Médico, 2020; último acceso 7 setembre de 2020; Disponible en: <https://www.diariomedico.com/enfermeria/pediatrica/la-aEEP-pide-que-la-enfermera-escolar-este-especializada-en-enfermeria-pediatrica.html>
14. Boletín Oficial do Estado, Orden SAS/1730/2010, de 17 de junio, por la que se aprueba y publica el programa formativo de la especialidad de Enfermería Pediátrica; último acceso 7 setembre de 2020; Disponible en: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2010-10365
15. Asociación Española de Pediatría; Propuesta de la AEP en relación a la apertura gradual de los centros de educación infanto juvenil; Publicado 2 Setembre de 2020 ; último acceso 7 setembre 2020; Disponible en <https://www.aeped.es/noticias/propuesta-aep-en-relacion-apertura-gradual-los-centros-educacion-infanto-juvenil>